



**Concello de Cerdido
(A Coruña)**

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



Anuncio baixa de estranxeiros no Padrón Municipal de Habitantes por caducidade

Decreto da Alcaldía 262/2024 do 30/10/2024

CADUCIDADE E BAIXA DE ESTRANXEIROS NON COMUNITARIOS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES

A Lei orgánica 14/2003, de 20 de novembro, no seu artigo terceiro modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e introduce, entre outras, unha modificación no artigo 16 que establece a renovación periódica cada dous anos das inscricións de estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente no Padrón Municipal de Habitantes e a caducidade de ditas inscricións, no caso de que o interesado non procedese a tal renovación. Neste caso, a caducidade poderá declararse sen necesidade de audiencia previa do interesado.

Tendo en conta o resto da lexislación aplicable nesta materia e de acordo coa documentación xustificativa que consta en poder do Negociado de Estadística deste Concello, en uso das atribucións que me están conferidas.

RESOLVO:

1º.- Declarar a caducidade das inscricións no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello das persoas que se relacionan a continuación, por non ter renovada a súa inscrición padroal transcorrido o prazo de dous anos e en consecuencia, acordar a práctica das correspondentes baixas das súas inscricións no Padrón Municipal de Habitantes.:

Apelidos e nome	Documento
Tetiana Vynnyk	----2363-
Nikita Vynnyk	---2740-
Yaroslava Vynnyk	----2479-

2º.- Estas baixas terán efecto na data en que esta resolución saia publicada no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de dar coñecemento e notificar a mesma ós interesados.

RECURSOS: Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte o da súa notificación ou ben o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Ferrol no prazo de dous meses contados dende o día seguinte a da súa notificación, sen prexuízo de interpoñer os recursos que estime máis axeitados.

Cerdido, 31 de outubro de 2024

O Alcalde,
Alberto Javier Rey Paz